

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS POLO QUE SE REXIRÁ Á ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN PARA USO E DEREITO DE EXPLOTACION DE CASSETAS NA FEIRA MULTISECTORIAL, CELEBRADA NA VILA DE PORTONOVO NA TEMPADA DE VERÁN DE 2017****1. ANTECEDENTES:**

Na tempada do ano 2016 o Concello de Sanxenxo (en diante Concello), mediante encomenda de xestión, e de acordo co disposto nos Estatutos da Ínsula Sanxenxo, empresa municipal de vivenda e solo SL, (en diante Ínsula) encomendou á Ínsula ente público dependente do Concello a organización da feira multisectorial de Portonovo.

Nesta anualidade 2017, con data do 22 de xuño de 2017, polo Consello de Administración de Ínsula Sanxenxo, Empresa Municipal de Vivenda e Solo SL (en diante Ínsula) acordouse por unanimidade que esta mercantil asumira a organización e xestión da feira, sen necesidade de recibir encomenda algunha de xestión, por parte da administración local da que depende (Concello) sendo unha actividade propia que, igualmente deriva dos seus estatutos sociais, e dado que a autorización da ocupación da zona de dominio público marítimo terrestre na que se ubicarán as casetas e se celebrará a feira multisectorial foi outorgada a Ínsula e non ao Concello, por parte do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, que autorizou dita actividade no periodo comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro de 2017; dita autorización tivo entrada no rexistro xeral de documentos do Concello o 12 de xuño de 2017.

O 10 de xullo de 2017 foi asinado polo Presidente do Consello de Administración de Ínsula, o proxecto integral do evento, fiscalizado favorablemente polo interventor delegado de Ínsula (ente adxudicador) e interventor xeral do Concello (administración pública da que depende o ente adxudicador). Neste proxecto se fixan as directrices, que no presente prego se terán en conta e se desenvolverán, cuxo obxecto é a adxudicación dos postos a persoas tanto físicas como xurídicas capacitadas para dita actividade (comercialización de produtos na súa maior porcentaxe de artesanía). Este proxecto formará parte como anexo ao presente prego.

**2. OBXECTIVO SOCIAL E CULTURAL E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DA CONTRATACIÓN:**

Coa adxudicación dos postos, o que se trata é de potenciar o atractivo turístico da Vila de Portonovo e do Concello de Sanxenxo. Esta feira de artesanía é un

evento que xa se ven celebrando dende hai anos, considerándose un evento de interese turístico, e potenciador da artesanía, sobre todo de Galicia. Os postos serán ocupados por comerciantes na súa maior porcentaxe de produtos de artesanía, de conformidade coa definición desta actividade na Lei 1/1992, de 11 de marzo, de artesanía de Galicia, e ao establecido na Lei 13/2010, do Comercio Interior de Galicia, que considera como tales actividades a artesanal de creación, produción, transformación, reparación e restauración de bens artísticos, artesans e de consumo, incluído alimentarios; ou formar parte de consellos reguladores ou axentes adscritos a unha denominación de orixe.





### **3. OBXECTO DO CONTRATO:**

O aluguer de postos para a venda de produtos varios, preferentemente, os sinalados na cláusula anterior do presente prego. Os postos ubicaranse na rúa Rafael Picó de Portonovo, dende o número 1 ata o comezo da zona portuaria (zona anexa ao paseo de Baltar) conforme se detalla no plano ANEXO I. Os terreos están en zona pertencente ao dominio público marítimo-terrestre, de ahí que fose necesaria a autorización do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

### **4. DESCRICIÓN E MEDIDAS DAS CASETAS**

A autorización outorgada polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra autoriza a instalación de 80 casetas de 3x3 m., que no Proxecto, dadas as súas dimensións, tradúcense en 70 casetas.

Distinguiranse catro tipos de casetas a instalar, coas seguintes dimensións:

<b>TIPO DE CASETA</b>	<b>DIMENSIÓN (fronte x fondo x altura)</b>		
TIPO A – Simple		36	3,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m. (simple)
TIPO B – Dobre		4	6,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m. (dobre)
TIPO C – Esquina		24	3,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m. (simple)
TIPO D – Esquina		6	6,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m. (dobre)

A ubicación dos diferentes tipos de casetas será o que se contempla no plano nº 1 – SITUACIÓN. (Anexo I)

### **5. PREZO DO ALUGUER OU DEREITO DE USO E EXPLOTACIÓN DAS CASETAS , FORMA E PRAZOS DE PAGAMENTO**

Os prezos de adxudicación das casetas serán os seguintes:

TIPO DE CASETA		Nº	DIMENSIONES (fronte x fondo x altura)	PREZO
TIPO A – Simple		26	3,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m. (simple)	3.000 €
TIPO B – Dobre		4	6,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m. (dobre)	5.500 €
TIPO C – Esquina		24	3,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m. (simple)	3.500 €
TIPO D – Esquina		6	6,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m. (dobre)	6.500 €

O pagamento do prezo, deberá efectuarse nos seguintes termos, a través de transferencia ou ingreso bancario na conta bancaria de Ínsula, cuxo número será posto en coñecemento dos adxudicatarios antes da sinatura do contrato, no momento da adxudicación:

- O 25% no momento da sinatura do contrato.
- O 55 % transcorridos dez (10) días hábiles dende a sinatura do contrato.
- O 20% antes do 25 de agosto de 2017.

## **6. DURACIÓN DO ALUGUER OU DEREITO DE USO E EXPLOTACIÓN DAS CASETAS**

O prazo de vixencia do presente contrato (Dereito de uso e explotación das casetas), será dende a sinatura do contrato respectivo ata o 30 de setembro de 2017, transcorrido o prazo sinalado o contratista non terá mais dereitos.

O horario da actividade será desde as 11:00 horas ata as 01:00 horas, de luns a domingo.

## **7. CAPACIDADE PARA CONTRATAR:**

Poderán concorrer, por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade para obrar, non estean incursas nalgunha das prohibicións para contratar que enumera o art. 60 do TRLCSP.

## **8. REQUISITOS MÍNIMOS, DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁN PRESENTAR OS INTERESADOS, LUGAR ONDE PRESENTALA E PRAZO DE PRESENTACIÓN:**

Os requisitos mínimos que deberá acreditar o solicitante son:

- a) Que non están incursos nas prohibicións de contratar

establecidas no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

- b) Estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias no senso establecido no artigo 13.1 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, incluído o non ter co Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Sanxenxo (administración pública da que depende o ente contratante) débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de que non proceda a utilización da vía de apremio segundo o disposto no apartado d) da disposición citada neste parágrafo, non ter débedas non atendidas en período voluntario.
- c) Está ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social no senso establecido no artigo 14 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Documentación que deberán presentar os interesados: debidamente cuberta e asinada e que forma parte do presente prego, Solicitud (Anexo II) e documentos que se especifican na cláusula 9.

No formulario ou modelo de solicitude ademáis da declaración responsable de que reúnen os requisitos mínimos legalmente esixibles, débese especificar:

1. O posto ou postos nos que está interesado, indicando a preferencia nos mesmos.
2. A actividade/productos que se comercializarán.

No suposto de que os datos da declaración responsable foran incertos, despois da verificación dos mesmos coas administracións que correspondan, decaerá o dereito da adxudicación do procedemento, procedéndose á liquidación do contrato, co prorrateo que corresponda.

Lugar de presentación: as solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo, das **9 ás 14 horas de luns a venres**.

Prazo de presentación: 5 días naturais, a contar dende o seguinte á data de publicación do anuncio do procedemento en prensa, (dous diarios de maior tirada, que serán o Diario de Pontevedra e Voz de Galicia) e no perfil do contratante da páxina web de Ínsula e do Concello, [www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es).

## 9. ASPECTOS DOS QUE DEPENDERÁ A ADXUDICACIÓN.

### Nesta cláusula establécese o seguinte:

1. Cada solicitante só poderá optar a unha única caseta do tipo que considere máis conveniente. Únicamente se poderá optar a mais de unha caseta, se as solicitudes presentadas non cubrisen o total das casetas. Neste caso, se procederá a comunicar aos solicitantes se, a vista dos postos solicitados por preferencia, están interesados na adxudicación dos postos seguintes en orde de preferencia. Se a oferta (70 casetas) aínda así non se cubrise, procederíase o anuncio dunha segunda fase de adxudicación de postos, mediante anuncio en prensa e na páxina web do Concello e de Ínsula ([www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es)), dándose publicidade do número e tipo de postos non adxudicados e primará, nunha segunda fase de adxudicación, como se reflectiu con anterioridade, a venda de produtos artesanís.
2. Conforme se recolle no modelo normalizado poderán formularse tres peticións distintas, pero sempre nunha única solicitude, tendo prioridade na adxudicación a primeira, logo a segunda e por último, a terceira, é dicir por preferencia ao orde correlativo.
3. No caso de concorrencia de solicitudes por algunha caseta (é dicir, que se produzan varias solicitudes para o mesmo tipo de caseta), procederase a adxudicar a mesma mediante **sorteo público**, que se **realizará nas dependencias municipais, ante todos os solicitantes da caseta en cuestión, que serán convocados telefonicamente e a través do correo electrónico que indiquen na solicitude**. Ao acto asistirán ademais dos comerciantes, o secretario do Consello de Administración de Ínsula, o Interventor Xeral do Concello e delegado de Ínsula e personal do departamento de Contratación do Concello. Non obstante, para a adxudicación teranse en conta os produtos que se comercialicen por parte dos solicitantes, co fin de promover a maior variedade de artigos, sempre entendidos como artesanís. No suposto de que existan mais solicitudes para a comercialización dun determinado produto e un número inferior de outros, existe discrecionalidade do ente adxudicador respecto á venda do tipo de produtos ou artigos.
4. Se logo do sorteo, de existir casetas que quedasen sen adxudicación, para as cales non se presentasen solicitudes, porén non ocupasen o posto 1º da orde de preferencia dos solicitantes, seríalle adxudicada a mais próxima ao posto solicitado e do mesmo tipo da solicitada inicialmente.

**5. O solicitante deberá cubrir a solicitude e presentar a seguinte documentación**, que deberá ser orixinal ou copia notarial ou cotexada por persoal do Concello de Sanxenxo. Toda a documentación/certificacións que se presenten deberán ter efectos á data da presentación das solicitudes:

- Sendo persoa física, fotocopia do D.N.I. ou documento de identificación que o substitúa; sendo persoa xurídica, copia auténtica de escritura de constitución e do CIF, e representación debidamente acreditada como sexa admisible en dereito
- Xustificante do alta no I.A.E. ou no caso de non estar dado de alta, no prazo máximo de 3 días hábiles deberá presentar no rexistro xeral do concello a alta censal correspondente da Axencia Tributaria.
- Xustificante de estar dado de alta como autónomo, no seu caso.
- No caso de ter xente contratada ao seu cargo, boletín de cotización á Seguridade Social (TC).
- Cubrir e asinar debidamente a declaración responsable incorporada no impreso da solicitude (Anexo II), que se refire a estar ao corrente nas súas obrigas fiscais e sociais e non incurrir en ningunha das prohibicións para contratar con Ínsula á que se refire o artigo 60 do TRLCSP. *Esta declaración responsable, deberá ser substituída no prazo máximo de 20 días naturais, a contar dende o inicio da feira por certificacións emitidas pola Axencia Tributaria do Estado e de Galicia e pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, e outros organismos públicos que sexan precisos. Soamente se excluírá desta obriga, a certificación que debería emitir o Concello de Sanxenxo, xa que será avaliada de oficio, e asemade no suposto de figurar o adxudicatario en algún rexistro oficial de contratistas, ou poder obter esta administración a certificación de forma directa de outras administracións, o que se comunicaría coa antelación suficiente ao remate do prazo antes referido ou sinalado, polo que esta última posibilidade non exime ao adxudicatario do posto da obriga de tramitar os mencionados certificados (Facenda, Hacienda, Tesourería de Seguridade Social e Concello) .*
- **No caso de que o solicitante sexa artesán, deberá acreditalo coa presentación do carnet ou documento legal acreditativo.**
- **Se a actividade é a venda de produtos de alimentación (bebidas ou comidas), en todo caso deberá acreditar, aportando certificacións ou documento que correspondan**

**expedido pola autoridade pública competente na materia, e que se detallan de seguido, no momento da presentación da solicitude:**

- i.* Que todo o persoal dos establecementos expendedores de alimentos e bebidas debe dispor de carnet de manipulador **(aportarase orixinal ou copia auténtica dos carnets de referencia)**.
- ii.* **Planificación (día e horarios) dos controis microbiolóxicos ao menos unha vez ao mes, tanto de produtos coma de superficies de traballo, asinado por órgano competente.**
- iii.* As persoas que manipulen alimentos necesitan cumprir ao menos as seguintes condicións hixiénicas sanitarias (presentarase declaración responsable ao respecto):
  1. Manter un alto grao de limpeza corporal.
  2. Levar o pelo limpo, recollido e cuberto.
  3. Lavarse as mans antes de comezar o traballo e despois de cada cambio de actividade.
  4. Non portar aneis, pulseiras, reloxos de man, así coma outros obxectos que poidan ocasionar accidentes e sean puntos de acumulación de restos alimentarios.
  5. Levar vestimenta de traballo limpa.
  6. Non comer nin fumar na zona de preparación de alimentos.
- iv.* Os manipuladores de alimentos deben dispor dun **manual de boas prácticas (deberá presentarse copia)** de hixiene na manipulación e preparación de alimentos que inclúa ao menos as seguintes instrucións:
  1. Non meter os dedos nas comidas, salsas, etc., para a súa degustación.
  2. Non traballar con feridas infecciosas ou contaxiosas na pel.
  3. Evitar a entrada de animais e insectos na área de manipulación de alimentos.
  4. Depositar en contenedores os restos de alimentos de pratos dos usuarios.
- v.* **Documento acreditativo do Rexistro Sanitario da Xunta (orixinal ou copia auténtica)**

6. No que respecta ás **solvencias**, de **acordo co disposto no artigo 11.5. do Real decreto 773/2015**, do 28 de agosto, polo que se determinan determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, **ao non exceder o valor estimado do presente contrato de 35.000,00 euros, non se esixe acreditación nin de solvencia económica e financeira, nin técnica e profesional.**
7. Efectuadas as adxudicacións, avaliada toda a documentación e solicitudes presentadas, e no seu caso, efectuado o sorteo público de postos que correspondan, ou en última instancia efectuada a segunda convocatoria para a adxudicación de postos, seguindo as directrices fixadas no punto 1. anteriormente sinalado, os adxudicatarios deberán antes da sinatura do contrato **depositar unha garantía do 5% do prezo de adxudicación** (3.000 euros, 3.500, 5.500 ou 6.500 dependendo do tipo de caseta) en Ínsula, mediante ingreso o transferencia na conta bancaria de Ínsula. Esta garantía será devolta, transcorrido o prazo de dous (2) meses dende o remate da Feira Multisectorial, no nº de conta bancaria, cuxo certificado emitido pola entidade bancaria deberá achegarse coa solicitude e demais documentación, sempre que non se presentase reclamación algunha a consecuencia da venta dos produtos na caseta adxudicada.

**10.-ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN PARA USO E DEREITO DE EXPLOTACION DUNHA CASETA NA FEIRA:** O órgano de contratación, dentro do prazo dos **CINCO (5) DÍAS HÁBILES** seguintes á recepción das solicitudes, adxudicará motivadamente o contrato. Non poderá declararse deserta a ocupación dunha caseta cando exista algunha solicitude que cumpra cos requisitos dispostos neste prego. O acordo de adxudicación notificarase aos solicitantes. Na notificación individual indícarase o prazo no que debe procederse a formalización do contrato.

**11.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO D AUTORIZACIÓN PARA USO E DEREITO DE EXPLOTACION DUNHA CASETA NA FEIRA:** O ente contratante (Ínsula Sanxenxo) e o contratista deberán formalizar o contrato, dentro prazo máximo dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación. Non obstante o anterior, dito contrato poderá elevarse a escritura pública a petición do contratista e a súa costa.



**12.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL:** O artesán deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas.

**13.- CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN:** Non existe posibilidade de cesión e subcontratación.

**14. RESPONSABLE DO CONTRATO:** A efectos do disposto no art.52 do TRLCSP será o presidente do consello de Administración de Ínsula, quen asegure a correcta execución contractual que se pacte.

**15. RÉXIME XURÍDICO:** Trátase dunha Autorización para utilizar unha caseta sita na Rúa Rafael Picó de Portonovo durante a Feira Multisectorial 2017. Finalizada a vixencia do contrato, o artesán/ocupante da casta non terá ningún tipo de dereito fronte a Ínsula e renuncia a exercer calquera tipo de reclamación contra a mesma.

O contrato definido ten a calificación de contrato privado, segundo establece o artigo 20 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado mediante Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro (en adiante, TRLCSP), por canto a entidade concedente ten a condición de poder adxudicador que non reúne a condición de Administración Pública.

Nembargantes a súa natureza de contrato privado, no tocante á súa preparación e adxudicación rexirase polos normas de dereito público (TRLCSP), dado que o ente contratante, é un ente público, así como polas restantes normas de dereito administrativo, sobre todo a Lei 33/03, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (Sección IV "Autorizacións e Concesións Demaniais") e no seu defecto, polas normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos, cumprimento e extinción do contrato, se regularán polo presente Prego e polas normas do dereito privado.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes do contrato de conformidade co disposto no artigo 21.2 do TRLCSP.

Sanxenxo a 19 de xullo de 2017.

O Presidente do Consello de Administración de Ínsula SL

Elmo Martín González



**(ANEXO I)**

**PLANO DE SITUACIÓN.**



TIPO DE CASETA	DIMENSIONES (frente x fondo x altura)	
TIPO A - Simple	36	3,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m. (simple)
TIPO B - Dobre	4	6,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m. (dobre)
TIPO C - Esquina	24	3,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m. (simple)
TIPO D - Esquina	6	6,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m. (dobre)

	EXCELENTISIMO CONCELLO DE SANXENXO		PLANO Nº <b>1</b>
	FERIA MULTISECTORIAL		
ESCALA	PLANO SITUACIÓN		
FECHA: xullo-2017	Entorno do parque do Espiñeiro		



	EXCELENTISIMO CONCELLO DE SANXENXO	
	FERIA MULTISECTORIAL	PLANO Nº 2.1
ESCALA: 1/200	PLANTA	
DATA xullo-2017		



	EXCELENTISIMO CONCELLO DE SANXENXO	
	FÈRIA MULTISECTORIAL	PLANO Nº 2.2
ESCALA: 1/200	PLANO	
DATA xullo-2017	PLANTA	



	EXCELENTISIMO CONCELLO DE SANXENXO		PLANO Nº 2.3
	FERIA MULTISECTORIAL		
ESCALA:	PLANO		
DATA xuño-2017	PLANTA		

*[Handwritten signature]*

**(ANEXO II)**

**SOLICITUDE/FORMULARIO**

CONCELLO DE



## Ínsula Sanxenxo

Rúa Consistorio, 6  
36960 Sanxenxo (Pontevedra)

Tlf. 986 72 00 75 - Fax 986 72 10 22  
e-mail: [urbanismo@sanxenxo.org](mailto:urbanismo@sanxenxo.org)

### SOLICITUDE DE CASETA NA FEIRA MULTISECTORIAL DE PORTONOVO

<b>Interesado</b>			
DNI, NIE, CIF ou pasaporte		Nome e apelidos/Razón social	
Enderezo: Rúa, número, piso e poboación			
CP	Municipio	Provincia	Teléfono /
Correo electrónico			
<b>Representante</b> (no caso de actuar en nome doutra persoa)			
DNI, NIE ou pasaporte		Nome e apelidos	
Enderezo: Rúa, número, piso e poboación			
CP	Municipio	Provincia	Teléfono /
Correo electrónico			

### Expoño

Que reúno os requisitos necesarios para participar no procedemento de adjudicación de postos na Feira Multisectorial de Portonovo, motivo polo cal solicito se me adjudique unha caseta conforme a seguinte orde de solicitude:

		Nº de caseta
OPCIÓN 1.	Caseta <input type="text"/>	<input type="text"/>
OPCIÓN 2.	Caseta <input type="text"/>	<input type="text"/>
OPCIÓN 3.	Caseta <input type="text"/>	<input type="text"/>

Descrición dos artigos  
a ofertar na caseta

### Solicito

Que se me adjudique a caseta conforme ao indicado.

Sanxenxo,

Asinado:

SR. PRESIDENTE DE ÍNSULA SANXENXO EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO, S.L.U.

Consente o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Sanxenxo relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as cuestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.



## **PARA CUMPRIMENTAR A SOLICITUDE:**

### INSTRUCCIÓN XERAIS

- A. O impreso pódese cumprimentar a man (con maiúsculas tipo imprenta) ou electrónicamente, enchendo os campos correspondentes, conforme ao indicado no "PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS POLO QUE SE REXIRÁ Á ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN PARA USO E DEREITO DE EXPLOTACIÓN DE CASETAS NA FEIRA MULTI-SECTORIAL, CELEBRADA NA VILA DE PORTONO NA TEMPADA DE VERÁN DE 2017"
- B. Logo de cumprimentado, imprímalo e presénteo asinado no rexistro do Concello de Sanxenxo

### **DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA:**

- Fotocopia do D.N.I. ou documento de identificación que o substitúa.
- Se o solicitante é unha persoa xurídica: fotocopia do DNI do representante, escritura de constitución da sociedade e fotocopia do CIF.
- Xustificante do alta no I.A.E.
- Xustificante de estar dado de alta como autónomo, no seu caso.
- No caso de ter xente contratada ao seu cargo, copia do boletín de cotización á Seguridade Social (TC)
- Documentación acreditativa da condición de artesán (certificado, carné, ...)

#### **No caso de que se pretenda a venda de alimentos na caseta:**

- Carné de manipulador de alimentos da/s persoa/s que vaian traballar na caseta con alimentos.
- Planificación (día e horarios) dos controis microbiolóxicos** ao menos unha vez ao mes, tanto de produtos coma de superficies de traballo, asinado por órgano competente, **manual de boas prácticas e documentación acreditativa da alta no Rexistro Sanitario.**
- Outros (especificar no apartado de observacións)

### **OBSERVACIÓNS:**

### **DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ DNI/NIE: \_\_\_\_\_

en nome propio / en representación de \_\_\_\_\_ CIF \_\_\_\_\_

#### **MANIFESTA:**

1. Que non se atopa incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade.
2. Que acompaña os documentos esixidos para formar parte do procedemento.
3. Que acepta plenamente as condicións desta licitación e cantas obrigas se deriven da mesma como participante e, no seu caso, como adxudicatario.
4. Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais.
5. Que AUTORIZA ao Concello de Sanxenxo, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

Sanxenxo, \_\_\_\_\_

Asinado: